



## **BASES INPUT 2019**

### **Espazo de titorización personalizado de proxectos cinematográficos en desenvolvemento**

#### **Descrición**

INPUT é un espazo de titorización e asesoría de proxectos cinematográficos que nace grazas á colaboración entre a Fundación Luís Seoane e o (S8) Mostra de Cinema Periférico, mediante a que 3 autoras terán acceso a profesionais do ámbito do cinema e do arte con quen poder discutir arredor dos seus proxectos, dende o estado de escritura e desenvolvemento até o de distribución. INPUT 2019 terá lugar no marco do (S8) X Mostra de Cinema Periférico da Coruña.

#### **Obxectivo**

A finalidade deste programa é apoiar proxectos cinematográficos de calidade, dando a oportunidade ás súas autoras de repensar o seu proceso creativo, mellorar a obra, localizar fontes de financiamento e lograr a distribución máis apropiada das pezas.

#### **Requisitos**

Ser maior de 18 anos e realizar un proxecto cinematográfico con decidida e marcada vontade artística, xa sexa unha película ou unha film performance. Debido ao carácter internacional da actividade, recoméndase que as participantes teñan coñecemento de inglés.

#### **Proceso de selección**

Dende o 12 de abril ate o 5 de maio estará aberto o prazo para a recepción de dossieres, que deberán incluír os elementos a continuación detallados. Toda a documentación deberá estar en castelán e en inglés e non superar as 5 follas:

- Sinopse: máx. 1 páxina
- Teaser: máx. 3 minutos
- 2 fotogramas do proxecto (se os hai)
- Bio da persoa solicitante con link a su web: máx. 1 páxina
- 1 fotografía da persoa solicitante
- Email e teléfono de contacto

Unha vez revisados e valorados todos os proxectos, a directora da Fundación Luís Seoane, as directoras do (S8) e o coordinador de INPUT decidirán que tres proxectos son seleccionados. O día 10 de maio contactarase coas participantes seleccionadas para confirmar a súa asistencia a INPUT 2019, quen deberán responder antes del 12 de maio. En caso de non facelo, entenderase o seu desistimento e contactarase coas seguintes da lista de suplentes. O día 14 de maio faranse públicos os proxectos seleccionados.

### **Desenvolvemento da actividade**

INPUT 2019 terá lugar os días 5, 6 e 7 de xuño. O día 5 será unha xornada de benvinda das participantes por parte da directora da Fundación Luís Seoane, as directoras do (S8) e o coordinador de INPUT, tras a cal as participantes terán un encontro para coñecerse e poñer en común os seus proxectos ante as titoras. Esta xornada transcorrerá na Sala de Prensa da sede de Afundación en horario de 11:00 a 12:00. Os días 6 e 7 as titorías terán lugar na sede oficial de INPUT, a Fundación Luís Seoane, en horario de 10:30 a 12:30. As asistentes terán garantida a asistencia ás masterclasses que se impartirán os días 6 e 7 no CGAI en horario de 13:00 a 14:00.

### **Estancia**

INPUT cubrirá as comidas do mediodía de todas as participantes e proporcionará aloxamento, a aquelas que non residan na Coruña, durante os 3 días que dura a actividade. Como axuda ao desprazamento, abonaranse ate 50€ ás participantes que veñan dende Galicia e ate 100€ a quen proveña do resto de España.

### **Obrigas das seleccionadas**

As participantes comprométese a facer constar nos títulos de inicio (no caso de películas narrativas) ou na documentación descriptiva da obra (no caso de obras artísticas ou film performances), que o proxecto foi seleccionado en INPUT 2019, incluíndo os logos que se lle facilitarán por parte da coordinación. Así mesmo, ceden os dereitos á Fundación Luís Seoane e ao (S8) para realizar sendas proxeccións da obra, unha vez teña sido estreada en España e/o durante os 2 anos seguintes á súa estrea oficial.

Por outra parte, as participantes autorizan a INPUT a utilización da información referida aos seus proxectos e á súa bio, así como da súa imaxe e a dos seus proxectos para a difusión da actividade e para a súa inclusión no catálogo do (S8).

Entenderase que as participantes aceptan estas bases no momento no que postulen a súa participación.

### **Contacto**

[input@s8cinema.com](mailto:input@s8cinema.com)